**Lingua galega. Unidade  - 9. Xogamos!** Soluciones  y guía para realizar las actividades.

Esta web mostra unha listaxe de diferentes xogos tradicionais coas instrucións para xogalos, que nos permitirá introducirnos nestes xogos que lle gustarán.

http://xotramu.blogspot.com/2010/10/os-nosos-xogos.html



Vas aprender a...

- utilizar os pronomes persoais
- identificar as palabras graves
- escribir palabras con ll e i
- recoñecer as palabras compostas
- cantar cancións
- explicar xogos populares

134

Ler :  O neno que o vía  todo aumentado.

Facer as actividades da lectura.

Actividad 1. El orden de las oraciones es:  2-6-5-1-3-4.

Actividades 2 e 3. Resposta persoal por parte do alumnado.



- Busca en Internet a palabra **estepa** e explica que é no teu caderno.

Copiar o máis salientable da información, un pequeño texto. Podedes buscar  no Dicionario da Real Academia Galega ou nesta web (Galipedia).

gl.wikipedia.org

**Os pronomes persoais.**

Ler e estudiar, logo facer as actividades.



**5.** Rodea e clasifica os pronomes persoais do texto:

Co bo tempo, nós imos en bicicleta. Marta e Xurxo non veñen nunca. Eles prefiren ir de excursión a pé. A miña nai sempre explica que ela ía en bicicleta ata o río e eu sempre lle pido que un día veña connosco. Sempre me contesta: "Contigo? Ti es moi rápido!". E vós, que facedes cando hai bo tempo?

Singular: Ela, eu , ti.

Plural: Nós, eles, vós.

**Entra no Ximnasio e practica máis exercicios deste apartado!** clic! clic!

**As palabras graves.** Ver o vídeo explicativo na norma ortográfica. Ler ben despois.

**6.** Separa por sílabas as palabras seguintes e rodea a sílaba tónica:

| | |
|---|---|
| cartas → (car) - tas | disfrace → dis - (fra) - ce |
| pelota → pe - (lo) - ta | pintura → pin - (tu) - ra |
| libro → (li) - bro | lapis → (la) - pis |
| careta → ca - (re) - ta | bicicleta → bi - ci - (cle) - ta |

**7.** Rodea as palabras graves das seguintes oracións:

Cada tarde saio para xogar no parque cos amigos.

Sen as cartas non podo xogar ao solitario.

Ela conta os puntos cando os outros xogan a correr.

Cando saímos ao patio sempre xogamos xuntos.

**Ortografía.Palabras con ll e i.**

Ler ben a norma .

**8.** Completa as palabras seguintes con ll ou i:

| | | |
|---|---|---|
| ma..i..úscula | pa..ll..aso | pa..ll..a |
| ma..i..o | bara..ll..a | pra..i..a |
| abe..ll..a | espe..ll..o | ove..ll..a |

...i... ...ll...

| | | | |
|---|---|---|---|
| a__o | ra__a | esca__ola | __ate |
| ma__onesa | burbu__a | __oga | fo__axe |
| estropa__o | ore__a | guede__a | agu__a |

. Escribe oracións con palabras da actividade anterior:

Actividade 10. Resposta persoal.



11. Atopa as palabras que rimen e cópiaas:

coello folla aparello parella ollo
medalla piollo ovella paolla muralla

coello e aparello; folla e paolla; parella e ovella; ollo e piollo; medalla e muralla.

**paolla**
**substantivo feminino:** Espiga de millo.*Esfollar as paollas.* SINÓNIMO **MAZAROCA**



Entra no Ximnasio e practica máis exercicios deste apartado!



- Prepara o ditado. Conta as palabras que ten cada oración:

Amaia tivo un pesadelo: estaba no faiado e vía unhas abellas que ían atacar as ovellas que ten o seu avó. Entón, ela lanzábase do faiado e voaba coa súa saia vermella.

- Ditado. Escribe o que escoitas.

Caderno

143

**Exercicios de ortografía**. Exercicio de ortografía en liña co que poderán practicar a escolla da grafía correcta entre **x, ll** e **i**.

http://centros.edu.xunta.es/ceipdefrions/xogos/ortogal/ie/ll_i_x.html

**As palabras compostas.**

Actividade 12: Autoestrada, parachoques, gardacosta, salvavidas, parasoles.

Actividade 13: Resposta persoal.



14. Relaciona para formar palabras compostas. Despois escríbeas ao lado:

| | | |
|---|---|---|
| auto | noite | medianoite |
| para | augas | paraugas |
| monta | neve | auganeve |
| media | ventos | papaventos |
| papa | cargas | montacargas |
| auga | vía | autovía |

Actividades 15: Crebacabezas, rañaceos, aninovo, mediodía, ruxeruxe, paracaídas.




**As cancións.**

Ler a canción e facer a actividade.  (o refrán  da canción = estribillo)


16. Que compran no mercado?

café, champú, azafrán e lentellas.

Actividade 17. Le o seguinte arroliño  e cantádeo. É unha canción de berce. ( unha nana).




**Xogos populares.**

Explicar en que consiste un xogo que conocen,  o material que é necesario e cántos poden xogar ao mesmo tempo… Seguir as indicacións .




Cubrimos **Que aprendín?** Colorear como indica.

## Actividades de ampliación

**Lemos as instrucións dun xogo**.  Como exemplo:

**O xogo da oca**

*Materiais*: un taboleiro, un dado, unha ficha por persoa.

*Participantes*: dúas, tres ou catro persoas.

***Instrucións para xogar*:**

1.Cada  xogador pon a súa ficha na casa de saídas.

2. Por quendas, os xogadores tiran o dado e avanzan a súa ficha tantas casas como indique o dado.

3. Se a ficha cae nunha casa de oca ou de ponte, avánzase á casa da oca ou ponte seguinte e vólvese tirar.

4. Se a ficha cae nunha casa de morte, vólvese comezar.

5. Se case na casa da fonda, estase unha quenda sen mover.

6. Se cae na casa do pozo, estase dúas quendas sen mover.

7. Se cae na casa da prisión, estase tres quendas sen mover.

Cada un terá que ler as instrucións en voz baixa. Se cómpre, axudaraos un compañeiro ou compañeira. Despois, volverémolas ler colectivamente e resolveremos as dúbidas de comprensión que poidan ter. Iremos formulando preguntas, coma  estas:

– *Cantas persoas poden xogar a este xogo?*

– *Que pasa cando chegana unha casa dunha oca?*

– *Que pasa se se cae no pozo?*

– *Que pasa se caemos na casa da morte ?*

– *Que necesitamos para poder xogar?*

Ao acabar, deixaremos tempo para que poidan xogar, aplicando as instrucións traballadas.
Sempre que teñan dúbidas, volverán consultar as instrucións.
Hai moitas variantes, todas son válidas sempre que se expoñan antes do comezo do xogo e todos os participantes estén de acordo.

**Disfrutade  xogando!**